

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

Acción 1-. Servizo de Asesoramento a Emprendedores do Porriño (SAEP).

A través do SAEP, O Concello pon a disposición de calquer emprendedor unha serie de servizos e ferramentas de axuda a posta en marcha do proxecto empresarial. Utilizando unha metodoloxía innovadora que mixtura o acompañamento presencial e virtual de autoconsulta, incidindo nas seguintes cuestións:



- Información sobre as características dos distintos tipos de sociedades recollidas nos ordenamentos civil e mercantil: marco legal, aspectos mercantís máis importantes, vantaxes fiscais, aspectos contables, sistemas de tramitación, normativa aplicable...
- Búsqueda de opcións de financiamento.
- Información e tramitación de axudas e subvencións públicas.
- Réxime de Seguridade Social aplicable, criterios de adscrición, afiliación, cotización, etc.
- Análise do risco e titorización do plan de empresa...

Dende a Concellaría somos conscientes de que para o óptimo funcionamento do Servizo de Asesoramento é necesario dar a coñecer a toda a cidadanía do Porriño, tanto da súa existencia, como as actuacións levadas a cabo dende o mesmo. Por

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

iso, dende a Concellaría, a través do novo Plan Municipal de Empleo, queremos impulsar unha serie de medidas adicadas a lograla máxima difusión dos servizos do SAEP. Entre elas e importante mencionar a nova páxina web da Concellaría de Empleo, www.porremplego.org, onde ademais de dar a coñecer os servizos prestados dende este departamento, ofrécese amplos recursos de gran utilidade e sinxelo manexo para todas aquelas persoas que desexen obter unha primeira aproximación ao autoemprego.

Así mesmo, procedeuse a colocación de paneis informativos a entrada da Concellaría de Empleo, e dous puntos de información táctil; un deles no propio Concello, e outro na devandita Concellaría, permitindo ademais unha maior interacción entre o demandante de información e as novas tecnoloxías.

Co obxectivo de lograla maior difusión posible, publicarase semanalmente un Boletín Informativo "Porremplego" que recollerá todas as convocatorias de axudas vixentes, así como outra información que poida resultar de interese. Dito Boletín publicarase na web www.porremplego.org e será distribuído en formato papel en diferentes puntos da vila. Aquelas empresas que o soliciten, sempre e cando formen parte da Bolsa de Empresas Porremplego, poderán recibir semanalmente dito boletín en formato electrónico.

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPREENDEDORES DO PORRIÑO (SAEP)	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Proporcionar un asesoramento de calidade para a posta en marcha do proxecto, a través dun seguimento persoalizado.
CARACTERÍSTICAS XERAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Información e asesoramento sobre temática empresarial xeral. - Difusión da imaxe emprendedora a través dos Servizos prestados polo SAEP.
DESTINATARIOS	Emprendedores que queiran constituír a súa empresa na área de O Porriño.
FORMA DE ACCESO	Previa cita, achegándose ó centro, ou ben chamando ao teléfono: 986 33 82 17, ou comunicándose vía e-mail: axente.emprego@porremprego.org . Ou a través da páxina www.porremprego.org
EQUIPO	<ul style="list-style-type: none"> - Técnicos de Empleo. - Equipo Administrativo.

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

PREVISIÓN ANUAL	Peticións de Asesoramento: 200 consultas.. Dous Puntos de Información Táctil. Boletín Informativo Porremprego: 52 Edicións cunha tirada de 300 exemplares.
FINANCIAMENTO	Concello do Porriño Xunta de Galicia Fondo Social Europeo

